

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de agosto de 2020, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia

O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (*DOG* nº 87, do 7 de maio de 2018) establece no seu artigo 24 a composición da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia nos termos seguintes:

«Artigo 24. *Mesa de Contratación*

A Mesa de Contratación da Administración do Parlamento estará constituída por unha presidenta ou un presidente —que será un membro da Mesa do Parlamento—, unha secretaria ou un secretario —que será a secretaria ou o secretario da Mesa do Parlamento— e catro vogais, designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar necesariamente unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas funcións correspondentes a asesoramento xurídico e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.»

En consecuencia, ao abeiro do disposto nos artigos 3 e 24 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adóptase o seguinte acordo:

1º. Designar como presidente da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a Diego Calvo Pouso, vicepresidente 1º da Mesa da Cámara.

2º. Designar como secretaria da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a María Corina Porro Martínez, secretaria da Mesa da Cámara.

3º. Designar como membros titulares da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia, na súa condición de vogais, as seguintes persoas:

— Vogal 1: María Montserrat Prado Cores, vicepresidenta 2ª da Mesa da Cámara, ou Marina Ortega Otero, vicesecretaria da Mesa da Cámara, que se alternarán nos distintos procedementos.

— Vogal 2: María Aneiros González, letrada do Parlamento de Galicia.

— Vogal 3: Carolina Costoya Pardo, interventora do Parlamento de Galicia.

— Vogal 4: Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

4º. Para o suposto de ausencia dos membros titulares, as súas suplencias realizaranse do xeito seguinte:

a) O presidente, Diego Calvo Pouso, será suplido pola vogal membro da Mesa do Parlamento que non forme parte da mesa de contratación dese procedemento concreto.



b) A secretaria, María Corina Porro Martínez, será suplida polo vogal Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

c) A letrada María Aneiros González será suplida polo letrado e as letradas seguintes: Juan Carlos Caride Ponte, Purificación López Gómez ou Raquel Rodríguez Carro.

d) A interventora, Carolina Costoya Pardo, será suplida pola viceinterventora, Carmen Fernández Dasilva.

e) O vogal Javier Freire González será suplido polo funcionario técnico de xestión do Servizo de Persoal e Réxime Interior José Ramón de la Fuente Rodríguez.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros, no Boletín Oficial do Parlamento número 6, do 21 de agosto, na relación de deputadas e deputados que integran a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 6, do 21 de agosto de 2020, publicouse a relación de deputadas e deputados que integran as comisión permanentes do Parlamento de Galicia.

Advertido un erro na composición da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 472, onde di:

«Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Mesa:

María Corina Porro Martínez (Presidenta)	P
Julio Torrado Quintela (Vicepresidente)	S
Iria Carreira Pazos (Secretaria)	BNG

